



CONCELLO DE CAMARIÑAS
A CORUÑA

EXPTE. 2025/G010/000012

ACTA SESIÓN TIPO Ordinaria DO CONCELLO PLENO

Venres 28 de novembro de 2025

Sr. Alcalde-Presidente:

Dona Sandra Insua Rial

Sres. Concelleiros:

Dona Encarnación Liñeiro Pouso (PSOE)

Don Sergio Caamaño Fernández (PSOE)

Dona Begoña Tajés Méndez (PSOE)

Don Germán Camiño Mouzo (PSOE)

Dona Rosa Ana Barbeira Fandiño (PSOE)

Don Jesús Romar Canosa (PSOE)

Don Fabián Canosa Pasantes (PSOE)

Dona Paula Mouzo Mas (PP)

Don Juan Carlos Sambade Amado (PP)

Don Manuel Mejuto Rios (PP)

Dona Marta M^a Mouzo Pose (PP)

Don Xurxo M. Rodríguez Baña (BNG)

Secretaria:

Dona Eva Jardón López.

Interventora:

Dona M^aEmilia García Maneiro

En Camariñas, sendo as 20:00 horas do venres 28 de novembro de 2025 e previamente convocados, reúnen-se en primeira convocatoria baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa dona Sandra Insua Rial, e asistida da Secretaria da Corporación dona Eva Jardón López, os Sres./Sras. Concelleiros/as arriba expresados, e a interventora da Corporación, dona María Emilia García Maneiro, ao obxecto de celebrar **sesión Ordinaria**.

Comprobado que asisten número suficiente para a válida constitución, o Sra. Alcaldesa-Presidente declara aberta a sesión pasándose a examinar os asuntos comprendidos na Orde do Día que é o seguinte:

1 / 7

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.camarinas.net>.

O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

EXPTE. 2025/G010/000012

ORDE DO DIA

PARTE I: ADOPCIÓN DE ACORDOS.

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria de data 26 de setembro de 2025.

2º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión extraordinaria de data 7 de outubro de 2025.

3º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión extraordinaria de data 30 de outubro de 2025.

4º.- Mocións de urxencia.

PARTE II: CONTROL ÓRGANOS DE GOBIERNO

5º.- Decretos da Alcaldía: Do Decreto Nº 726/2025, de data 23 de setembro ao Decreto 965/2025, do 24 de novembro.

6º.- Dación de conta da rendición 2º e 3º trimestre 2025:

a) Informe do período medio de pago.

b) Informe de morosidade.

7º.- Dación de conta do estado de execución trimestral 2º e 3º trimestre 2025.

8º. Rogos e preguntas.

ORDE DO DÍA

PARTE I: ADOPCIÓN DE ACORDOS

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DE DATA 26 DE SETEMBRO DE 2025.

Ningún dos concelleiros ten observacións polo que a acta enténdese APROBADA de conformidade co disposto no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF).

2º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DE DATA 7 DE OUTUBRO DE 2025.



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

EXPTE. 2025/G010/000012

Ningún dos concelleiros ten observacións polo que a acta enténdese APROBADA de conformidade co disposto no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF).

3º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DE DATA 30 DE OUTUBRO DE 2025.

Ningún dos concelleiros ten observacións polo que a acta enténdese APROBADA de conformidade co disposto no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades

4º.- MOCIÓN DE URXENCIA

Ningún dos grupos municipais presenta mocións de urxencia.

PARTE II: CONTROL ÓRGANOS DE GOBIERNO.

5º.- DECRETOS DA ALCALDÍA: DO DECRETO Nº 726/2025, DE DATA 23 DE SETEMBRO AO DECRETO 965/2025, DO 24 DE NOVIEMBRE.

6º.- DACIÓN DE CONTA DA RENDICIÓN 2º E 3º TRIMESTRE 2025:

A) INFORME DO PERÍODO MEDIO DE PAGO.

B) INFORME DE MOROSIDADE.

7º.- DACIÓN DE CONTA DO ESTADO DE EXECUCIÓN TRIMESTRAL 2º E 3º TRIMESTRE 2025.

Don Xurxo comenta que non estaba a documentación. A Interventora facilita a información sobre a que se da conta. Don Xurxo pide que se envíe a información coa convocatoria.



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

EXPTE. 2025/G010/000012

8º.- ROGOS E PREGUNTAS

En data 25 de novembro de 2025, rexistro de entrada 202599900001185 a voceira do Grupo Municipal PP presenta o seguinte rogo:

“Aínda que no pleno ordinario de novembro de 2024 desde o goberno local manifestaron que non tiñan prevista ningunha medida na Casa Xardín de Man de Camelle, un ano despois volvemos a dirixirnos a vostede para:

- Solicitamos que se adopten as medidas necesarias para evitar a desaparición do legado artístico de Man de Camelle e do atractivo cultural e turístico que supón o seu espazo natural de creación (A casa e a súa contorna).

- Propoñemos a creación dunha comisión municipal para estudar as medidas a levar a cabo e pedimos que alcaldía convoque unha xunta de portavoces ou comisión informativa, para deseñar unha folla de ruta”.

A Alcaldesa di que se recolle o rogo.

Na sesión dona Paula plantea os seguintes rogos

- Para dar solucións aos problemas de transporte escolar en Camelle, Arou, Santa Mariña e Brañas Verdes e mellorar a comunicación interparroquial, piden que se estudie a posibilidade implantar o servizo SIMU, mediante o convenio coa Xunta.

- Rogan que se arranxe en Xaviña a vía do Campo do Turco e a da Costa.

- Que se estude a posibilidade de por un inodoro e un lavabo nos vestiarios do campo de fútbol, os pequenos que se fixeron hai dous anos.

- Que en Camelle e en Arou hai problemas coa televisión. A Alcaldesa di que hai un teléfono ao que hai que chamar e que o fixeron público varias veces.

Don Xurxo plantea os seguintes rogos:

- Que se impermeabilice de inmediato a cuberta do Museo de Man. A Alcaldesa di que esta pendente de que pasen un orzamento. Don Xurxo pregunta se valoraron utilizar illamento e cubrir a cuberta e pregunta a empresa coa que falan e se chamaron a revestimento de Muxía, y a Alcaldesa di que non veñen, que a única empresa que ven é unha de Vimianzo.

- Que no campo de fútbol cando se acende todo salta a instalación e a Alcaldesa di que saltaba porque un foco o facía saltar cada vez había temporal e que xa se sabe onde esta o problema.



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

EXPTE. 2025/G010/000012

Dona Paula formula as seguintes preguntas:

- Cando ides presentar os orzamentos? A Alcaldesa di que se esta traballando, e que ela prefere saber o remanente e ata o mes de marzo nunca o sabe, non pode dicir unha data exacta.

- Cando van a empezar as obras en Rúa Carreira? A Alcaldesa contesta que se adxudico na xunta de goberno local que se celebrou as 19:30 a Ponciano Nieto, agora hai que facer a acta de replanteo e esperar bo tempo.

- Con respecto á reparación que se realizou no muro de Dor, se sabe porque caeu ese muro? A Alcaldesa contesta que non e dona Paula pregunta se se fixo traballo con persoal do concello e dona Sandra contesta que si, e que foi para protexer a vía pública. Dona Paula pregunta se se van recuperar os cartos e a Alcaldesa contesta que non vai recuperar nada porque actúo en vía pública.

Don Juan Carlos di que se cae o muro á vía publica hai que apartalo, pero que o muro é dunha xente privada e Alcaldesa insiste que ela actúa en vía pública. E dona Paula di que o muro non está enriba da vía.

Don Manuel di que se cae un muro de propiedade sobre vía pública, se retira e se constrúe un muro paralelo, estreitando a vía pública, e non lle parece razoable. E Alcaldesa reitera que ela protexe a vía publica.

- Sobre o CEIP de Ponte do Porto, no que respecta a caldeira, fixéronse os mantementos oportunos? A Alcaldesa di que senón non duraría 40 anos e dona Paula di que o queimador da caldeira está ben e que o que podreceu foi a parte de atrás, e pide que conste en acta que se fixeron os mantementos oportunos. E Alcaldesa pide que se engada á acta que a caldeira é do ano 80 e ten 45 anos e senón se fixeran os mantementos oportunos non duraría iso. E di que hai un informe de que non tiña arranxo e dona Paula di que está arranxada.

- Nos decretos hai un pago a xustificar a Begoña Tajés por remisión de información aos veciños e lle contestan que foron os trípticos de Mar de Fábula que houbo que pagar a Correos.

Don Xurxo formula as seguintes preguntas:

- O proxecto da revisión de todo o servizo de augas, xa está lista? A Alcaldesa da a palabra a don Sergio que di que se mando publicar na web do Concello e don Xurxo pregunta polo plan de saneamento e lle din que tamén está lista.

- Que idea ten o Concello sobre o xardín de Man, sobre o legado que está ao aire libre,



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

EXPTE. 2025/G010/000012

pensa preservalo ou pensa deixalo esmorecer, xa que hai moitas vertentes do land art e di que el está a favor de preservalo. A Alcaldesa di que o legado de Man está protexido, o escrito, o fotográfico e o legado de Man é moito mais que o xardín de Man, o Concello conta cun Museo, que se chama Museo de Man, no que se alberga a súa obra escrita, documental e fotográfica, se te refires ao xardín de fora di que se hai unha proposta dun técnico especialista en land art de que iso se pode recuperar o Concello porá os medios e a Consellaría de Cultura terá que dicir algo, porque é un BIC, vale o que diga un técnico especialista en land art, porque sempre se traballou con Antón Sobral e Carmen Hermo, que son os comisarios de Man e que aconsellan que non se actúa do xardín exterior e cando haxa unha postura contraria se poderá estudar. Dona Paula pregunta porque non se buscou outra postura e a Alcaldesa di que xa estiveron alí. Don Xurxo di que hai audios de Man pedindo que se preservará e a Alcaldesa di que tamén audios dicindo que “Muerto Man, muerta a obra de Man” e que non é mandar a calquera a erguer os bolos e tamén di que todo o que se fixo para preservar o legado o fixo o Concello de Camariñas.

- Nos orzamentos, na elaboración previa se van ter en conta os grupos municipais? A Alcaldesa di que o verán na comisión informativa. Don Xurxo di que el se refire a esa fase previa de elaboración para aportar ideas. A Alcaldesa di que pode presentar emendas.

- Que pasa cos contenedores da zona da rúa da Cruz de Cedeira, onde o Oasis. A Alcaldesa di que alí había unha queixa formal e os foron movendo porque había queixas, e agora parece ser que están de acordo en que se faga unha plataforma, na costa abaixo fronte a un muro público.

- Que pasou co mirador que inaugurou a presidenta do Congreso? A Alcaldesa di que non foi feito polo Concello, foi a Asociación AMBACA, ela solo foi a inaugurar e agora vaise a axudar á asociación pondo unhas pedras.

- En canto a licenza dos apartamentos onde o restaurante A Marina, que está parada, que se sabe dela? A Alcaldesa di que foi concedida hoxe en Xunta de Goberno Local.

- Vaise facer algo coa escola de Camelle, ídesvos sentar coa Consellería e tentar dar solución a que os nenos teñan cuberto o patio infantil? A Alcaldesa contesta que se sentou fai pouco con Indalecio Cabana, e que el insiste que o parque é municipal. Don Xurxo di que esa resposta non ten sentido, que hai convenios de todo tipo, e o que non pode ser que porque non haxa acordo os nenos teñen que xogar o recreo dentro da clase. Don Xurxo pregunta se o Concello está disposto a ceder e Alcaldesa di que si. Don Xurxo roga que insista.



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

EXPTE. 2025/G010/000012

- En que estado se atopa o que pedimos a Deputación de que se faga un proxecto en condicións da DP 1601, a Alcaldesa di que xa están licitando, e don Xurxo di que so o asfaltado e a Alcaldesa di que ela non lle pode dicir a unha administración que non gaste 300.000 euros, e don Xurxo di que non se pode malgastar diñeiro e que dende que se poña o asfalto os accidentes pasarán de ser graves a moi graves, porque vai dar sensación de seguridade e non a ten. Dona Sandra di que ela non vai dicir que non se faga a inversión, que unha vez feita se verá.

Don Juan Carlos formula a seguinte pregunta:

- Man deixou cartos para preservar o legado, a Alcaldesa contesta que si, que que no seu testamento puña, lego ao Estado español 120.000 euros e o Estado o que fixo ese ano dar os premios Max de teatro e dita cantidade a deu para o Museo de Man, unha cantidade moi superior aos 120.000 euros.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Alcaldesa levántase a sesión, senda as 20:44 horas de todo o cal, levántase acta por min, que como secretaria da sesión, dou fe e certifico.

Asinado dixitalmente, na data que figura ao marxe, pola Secretaria do Concello, dona Eva Jardón López, co visto e prace da Alcaldesa, dona Sandra Insua Rial.